

D I C T A M E

Dictame
4/03

sobre o anteproxecto de
**LEI DE MEDIDAS
TRIBUTARIAS E
ADMINISTRATIVAS**



Edita: Consello Económico e Social de Galicia

Este dictame pode consultarse tamén no sitio web do Consello:

www.ces-galicia.org

1.- ANTECEDENTES

1.- En data 3 de outubro tivo entrada no Consello Económico e Social oficio do presidente da Xunta de Galicia remitindo, para o seu preceptivo dictame polo trámite de urxencia, o borrador do anteproxecto de Lei de medidas tributarias e administrativas.

2.- O texto do borrador foi enviado, nesa mesma data, ó presidente e ós membros da Comisión Sectorial nº1: Economía, emprego e sectores productivos, competente por razón da materia, para a elaboración da correspondente proposta de Dictame. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente, con data 3 de outubro, da entrada de solicitude de dictame.

3.- Con data 3 de outubro, o seu presidente convoca á Comisión Sectorial nº1 para o xoves 9 de outubro, co fin de inicia-los traballos de reflexión sobre a proposta de dictame.

4.- Con data 14 de outubro tivo entrada no Consello Económico e Social de Galicia, oficio do presidente da Xunta de Galicia remitindo unha adenda ó texto inicial para a súa consideración previa á emisión do dictame solicitado.

5.- A Comisión Sectorial, na súa sesión 10/03, acorda aprobar por unanimidade a proposta de Dictame, con data 16 de outubro, e a remite ó presidente do Consello para a súa tramitación.

6.- O presidente do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca ó Pleno do Consello, que na súa sesión 5/03, de 17 de outubro, e tras coñecer-lo texto remitido, acorda aprobar por unanimidade o seguinte

DICTAME

sobre o anteproxecto de Lei de medidas tributarias e administrativas

2.- ESTRUCTURA E CONTIDO

O Anteproxecto sometido a dictame está estruturado en dous Títulos, e seis Capítulos con dezaioito artigos, dúas Disposicións Adicionais, dúas Disposicións Derrogatorias e dúas Disposicións Derradeiras. Con este Anteproxecto de Lei modifícanse as seguintes leis:

- *Lei 4/1988, de 26 de maio, de Función Pública de Galicia.*
- *Lei 11/1992, de 7 de outubro, de Réxime Financeiro e Orzamentario.*
- *Lei 10/1988, de 20 de xullo, de Ordenamento do Comercio Interior.*
- *Lei 12/2001, de 10 de setembro, de Concentración Parcelaria de Galicia.*

No **Título I** da Lei, referente ás normas tributarias, e polo que respecta ó Imposto de Sucesións e Doazóns, establécese unha mellora nas reducións da base imponible do imposto nos casos de adquisicións "mortis causa" que afectan a descendentes ou adoptados menores de vinteun anos. Por outra parte determínanse os diferentes coeficientes multiplicadores aplicables á cota íntegra do imposto, e establécese unha redución na base imponible cando nela se integren as indemnizacións satisfeitas polas Administracións Públicas ós herdeiros dos afectados polo Síndrome Tóxico.

No referente ó Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados, establécese o tipo de gravame aplicable ás primeiras copias de escrituras que documenten transmisións de bens inmoables nas que se teña renunciado á exención do IVE. Por outra parte, determínanse as bonificacións aplicables na cota do imposto.

O **Título II**, dedicado ás normas de carácter administrativo, o capítulo I contén modificacións da Lei da Función Pública de Galicia en materia de adscrición a postos de traballo, vacacións, permisos e reserva de prazas para discapacitados.

No capítulo destinado á xestión orzamentaria, recóllese unha modificación da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario para facer extensiva ás sociedades públicas autonómicas de carácter non mercantil a posibilidade de xestionar extrapresupostariamente as operacións sobre as que se limiten a realizar labores de intermediación, en todo caso previa autorización singularizada concedida polo órgano competente.

No referente á xestión de persoal, autorízase ó Servicio Galego de saúde para que poida efectuar as modificacións necesarias para adaptar os cadros de persoal non incluídos nas relacións de postos de traballo ás necesidades de cada centro de xestión.

Modificacións da Lei de ordenación do comercio interior de Galicia, necesarias para a súa adaptación ó previsto en materia de concesión de licencias para grandes establecementos comerciais na normativa estatal de carácter básico.

A modificación da Lei de Concentración Parcelaria de Galicia, en relación coa presidencia das xuntas locais de concentración, ten por obxecto evitalos riscos de colisión anteriormente existentes coa doutrina do Tribunal Constitucional.

A redistribución das competencias orgánicas entre a Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural e o artigo ILGGA, derivada da aprobación do Decreto 50/2002, de 14 de febreiro, en virtude da cal parte das funcións do Instituto pasaron a desempeñarse pola Consellería, determina a conveniencia de modificar os órganos de dirección do Fondo Galego de Garantía Agraria, denominación que en virtude do establecido na Lei 7/2002, do 27 de decembro, pasou a corresponder ó Instituto Lácteo e Gandeiro de Galicia.

Finalmente, dentro das Disposicións Adicionais, abórdase o establecemento dunha prestación familiar por coidado de fillos menores, que se aplicará cando quenes os tiveran ó seu cargo non estivesen obrigados a presentaren a declaración polo imposto sobre a renda das persoas físicas, así como a autorización dun réxime especial de alleamento do solo industrial por parte do Instituto Galego de Vivenda e Solo con finalidades de fomento empresarial.

Adenda ó Anteproxecto de Lei recibida o 14 de outubro.

A adenda ó Anteproxecto de Lei de de Medidas Tributarias e Administrativas, consta de catro artigos; o artigo primeiro introduce un novo artigo no Capítulo II: "Impostos Indirectos" do Anteproxecto de Lei; onde se determina o tipo de gravame no imposto sobre as vendas minoristas de determinados hidrocarburos.

O artigo segundo engade un novo artigo ó Capítulo VIII: "Protección á

infancia" do Anteproxecto de Lei, onde se modifica a Lei galega da familia, a infancia e a adolescencia.

O artigo terceiro engade un novo artigo ó Capítulo IX:"Transporte público marítimo de viaxeiros" do Anteproxecto de Lei, modificando a Lei de declaración de servizo público de titularidade da Xunta de Galicia do transporte público de viaxeiros nas rías de Galicia.

O artigo cuarto engade unha nova Disposición adicional ó Anteproxecto de Lei.

As leis modificadas nesta adenda son as seguintes:

- *Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, da infancia e da adolescencia.*
- *Lei 4/1999, do 9 de abril, de declaración de servizo público de titularidade da Xunta de Galicia do transporte público de viaxeiros nas rías de Galicia.*

3.- OBSERVACIÓNS XERAIS

1.- Resulta obrigado de novo manifestar que o prazo requirido no trámite de urxencia para a emisión de Dictame implica unha celeridade na análise deste Anteproxecto que vai en detrimento do resultado esperado do labor consultivo do Consello. Polo tanto, o CES quere que se teña en conta que a ausencia de observacións particulares a algunha norma non implica necesariamente a conformidade co seu contido.

As anteriores observacións deben ser máis fortemente expresadas en relación á adenda que se recibiu no CES o pasado día 14 de outubro, co prazo para dictaminar practicamente expirado. Independentemente de que sexa unha incorporación de só catro novas normas, é inadmisíble este procedemento, posto que non se reinicia o prazo para dictaminar de urxencia, polo que o Consello Económico e Social limita as súas observacións particulares exclusivamente ó texto do Anteproxecto, e isto coa advertencia expresada no parágrafo anterior.

Non obstante, facendo unha primeira valoración sobre o texto da adenda remitida, o CES manifesta a súa absoluta disconformidade á proposta de establecemento dun tipo de gravamen autonómico sobre as vendas minoristas de determinados hidrocarburos, tanto porque afectaría negativamente ó conxunto dos sectores económicos e os fogares de Galicia como pola utilización de impostos indirectos para financiar de forma finalista a sanidade e o medio ambiente.

2.- O CES considera que o Anteproxecto de Lei de Medidas fiscais que se presenta para ser dictaminado carece de algo tan importante como é unha Memoria económica que xustifique os cambios de natureza tributaria que se inclúen na Lei.

Para valora-lo alcance e significado das outras leis modificadas, sería necesario que se acompañase unha memoria explicativa que clarificase a repercusión das medidas propostas.

O CES considera que se debe reiterar tamén a súa opinión de que a técnica lexislativa do uso dunha lei para regular materias dispares, modificando parcialmente normas vixentes, impide ó Consello realizar unha avaliación global dos textos obxecto de Dictame, profundizando no alcance das modificacións propostas, avaliación que podería producirse coa tramitación ordinaria e unitaria da totalidade da Lei modificada.

Por outra parte, a dispersión normativa producida por aquel procedemento dificulta ós cidadáns o coñecemento completo e inmediato das normas que en cada ámbito lles afectan, menoscabando a seguridade xurídica.

3.- O CES non considera axeitado o carácter que se lle está a dar á Lei de acompañamento, na que non só se modifican normas de natureza tributaria, directamente ligadas ó presuposto, senón que se modifican outras normas que provocan dispersións normativas, como por exemplo a Lei de Comercio interior ou o Fondo de Garantía Agraria. Sen embargo, non figuran modificacións que poderían ser máis oportunas, como o apoio á vivenda ou a conciliación da vida laboral e familiar.

Neste senso, o CES considera oportuno que no texto do Anteproxecto de Lei sometido a dictame podería estar recollido o dereito á “promoción cruzada”, recollida na Lei de Acompañamento dos Presupostos Xerais do Estado 2003, que con-

siste en que o persoal laboral de certas categorías, por similitude de tarefas, pode participar nas convocatorias de promoción interna de persoal funcionario. O CES considera que esta medida ten dúas consecuencias positivas, a de mellora-las expectativas de promoción do persoal laboral e a de permitir avanzar no proceso de funcionarización (postos de traballo ocupados por persoal laboral que “deben ser desempeñados por persoal funcionario”).

O CES tamén considera oportuno, dado o curto prazo existente e a gran cantidade de expedientes de gran complexidade a presentar, suxerir a posibilidade de modifica-la Lei 9/2002, de *Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia*, no senso de que permita a ampliación do prazo para o recoñecemento da situación urbanística das explotacións agro-gandeiras.

4.- OBSERVACIÓNS PARTICULARES

1.- No **artigo 4** do Anteproxecto de Lei de sometido a dictame establécese unha mellora na redución na base imponible do imposto sobre sucesións e doazóns para as adquisicións por descendentes e adoptados menores de vinteun anos.

O CES considera positiva a redución da base imponible do imposto se se corresponde cunha medida social, como é a establecida no punto 2 do artigo 1 respecto ó síndrome tóxico. Sen embargo, o CES entende que non se deberían permitir reducións que actúen contra a progresividade da imposición directa, como a establecida no apartado 1 deste artigo, sen ningunha discriminación por razón de renda.

Tampouco parece de equidade fiscal, nin coherente co texto da Lei do Tributo (art.20), que a dita redución non se aplique tamén ó Grupo II.

2.- O **artigo 3** do Anteproxecto de Lei dictaminado determina o tipo de gravame na modalidade de actos xurídicos documentados que recae sobre os documentos notariais nos que se renuncia á exención do IVE.

O CES non considera oportuna a modificación do tipo de gravame na modalidade de actos xurídicos documentados que recae sobre os documentos notariais nos que se renuncia á exención do IVE, por carecer de xustificación económica, e por considerar que vai provocar o encarecemento do xa de seu elevadísimo prezo da vivenda en Galicia. O CES entende que é unha medida meramente recaudatoria e pouco favorecedora dos aspectos sociais, entre eles o acceso á vivenda.

3.- No artigo 6 do Anteproxecto de Lei sometido a dictame modifícase a Lei da Función Pública de Galicia, no que se refire á adscrición a postos de traballo.

O CES considera que, por analoxía coa normativa laboral (IV Convenio Colectivo Único para o persoal laboral da Xunta de Galicia), no artigo 6 do Anteproxecto de Lei debería engadirse o seguinte parágrafo:

“b) Os traslados serán negociados na Mesa Xeral ou Comisión Paritaria de seguimento, creada ó efecto, das devanditas adscricións”.

O CES considera que nas súas tres últimas liñas deste artigo, o novo punto 7 engadido ó artigo 27 da Lei 4/1988 establece que esta adscrición terá carácter definitivo cando o funcionario ocupara con tal carácter o posto de orixe.

O CES entende que, na medida en que a causa (motivos de saúde ou rehabilitación do funcionario, do seu cónxuxe ou dos fillos ó seu cargo) da adscrición a posto de traballo en distinta unidade ou localidade será na xeralidade dos casos de índole transitoria, non ten lóxica impoñer o carácter definitivo da adscrición.

4.- O artigo 7 do Anteproxecto de Lei modifica a Lei da Función Pública de Galicia, no que se refire as vacacións retribuídas.

O CES propón a seguinte redacción para o artigo 7 do Anteproxecto de Lei:

“1. Os funcionarios terán dereito a disfrutar durante cada ano completo de servizo activo, unha vacación retribuída de un mes natural ou de 22 días hábiles anuais, ou os días que en proporción lles correspondan se o tempo de servizo foi menor.

2. Así mesmo terán dereito a un día hábil adicional ó cumprir quince anos

de servizo, engadíndose un día hábil o cumprir os vinte, vintecinco e trinta anos de servizo, respectivamente, ata un total de 26 días hábiles por ano natural. Non se considerarán días hábiles os sábados, sen prexuízo das adaptacións que se establezan para os horarios especiais.”

O CES propón engadir a este artigo, un novo apartado 3, coa seguinte redacción:

“3. O previsto nos apartados anteriores terá carácter de mínimo para todo o persoal dependente de todas as Administracións Públicas de Galicia”.

Con esa inclusión, o actual apartado 3 deste artigo do anteproxecto pasaría a ter o número 4.

Xustifícase esta observación en que a duración mínima das vacacións anuais debe establecerse pola norma que corresponda na lexislación interna de cada Estado para todos e cada un dos sectores de actividade, en desenvolvemento do Convenio 132 da OIT (Ratificado polo Estado español en 1972). Para o ámbito da función pública estatal, esa regulación mínima ven recollida no artigo 68 da Lei de Funcionarios Cívís do Estado, que na modificación operada pola lei 53/2002, de Medidas Fiscais, Administrativas e da Orde Social, estableceu as vacacións anuais nos mesmos termos que agora se inclúen neste anteproxecto.

Debe considerarse por tanto que esta regulación ten carácter de vacacións mínimas para todo o persoal de tódalas Administracións Públicas de Galicia, e parece oportuno incluír esta referencia expresa na norma, a fin de evitar conflitos interpretativos sobre o seu ámbito de aplicación.

5.- O artigo 8 do Anteproxecto de Lei modifica a Lei de Función Pública de Galicia, no que se refire a permisos.

A coñecida como “Lei de Igualdade”, aprobada recentemente polo Parlamento Galego, crea un denominado Permiso de Paternidade de oito días de duración, que poderá utilizar nas condicións pertinentes o persoal ó servizo da Administración Autonómica.

O CES considera que, dada a modificación que se pretende operar na Lei Galega da Función Pública, incorporando aspectos xa incluídos na Lei Estatal

desde hai un ano, se inclúa na mesma o Permiso de Paternidade nos mesmos termos que recolle a “Lei de Igualdade”, para a extensión desta medida de conciliación da vida laboral e familiar ó persoal ó servizo doutras administracións públicas en Galicia.

6.- A **Disposición Adicional primeira** establece o dereito a percibir unha prestación por fillo menor a cargo.

O CES valora positivamente o contido desta Disposición Adicional, que supón un cambio de filosofía no apoio á familia, como se recomendou no Dictame 1/02, sobre o *anteproxecto de Lei de medidas de réxime fiscal e administrativo 2002*, co Informe-opinión sobre o *Plan de Revitalización Demográfica de Galicia*, así co cambio na redacción, recomendado no Dictame 6/02, en aras de flexibilizala mesma para poder integrar dentro da prestación a todas aquelas persoas que tivesen a cargo menores de tres anos.

O CES entende que, aínda sendo positiva a proposta descrita, debería facerse un esforzo maior no importe da prestación monetaria, xa que a proposta considérase insuficiente e debería graduarse en función da renda dos beneficiarios.

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2003

Vº. e P.

O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Asdo: Luis Suárez-Llanos Gómez

Asdo: Carlos Monclús Diez de Ulzurrun

ANEXO

**ANTEPROXECTO DE LEI DE
MEDIDAS TRIBUTARIAS E ADMINISTRATIVAS****Exposición de motivos****Título I: Normas tributarias**

Capítulo I. Impostos directos

Capítulo II. Impostos indirectos

Capítulo III. Taxas

Título II: Normas administrativas

Capítulo I. Función pública

Capítulo II. Xestión orzamentaria

Capítulo III. Xestión de persoal

Capítulo IV. Ordenación do comercio interior

Capítulo V. Concentración parcelaria

Capítulo VI. Fondo Galego de Garantía Agraria

Disposicións adicionais**Disposicións derogatorias****Disposicións derradeiras****EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Forman parte desta lei un conxunto de medidas que desde diversos ámbitos e con diferentes grados de implicación inciden no desenvolvemento das políticas instrumentadas por medio dos orzamentos do ano 2004, aínda que os seus efectos extenderanse mais alá da vixencia temporal destes últimos. A íse respecto, o carácter permanente da maior parte das disposicións da lei garda concordancia coa natureza e a orientación plurianual, e en moitos casos recorrente, de moitos dos obxectivos perseguidos pola Xunta de Galicia a través da execución dos seus presupostos.

Con isa pretensión de complementariedade aparecen recollidas en títulos e capítulos diferenciados unha serie de disposicións, nalgúns casos de carácter fiscal, cunha clara incidencia económica e financeira, e noutros correspondentes ó ámbito administrativo, que abarcan aspectos que van dende a ordenación da función pública e da xestión orzamentaria ata a regulación do comercio interior, e que corresponden en cada caso a competencias que nas respectivas materias ten atribuídas a Comunidade Autónoma.

No Título I, destinado ás normas tributarias, e polo que respecta ó Imposto sobre Sucesións e Doazóns, establécese unha importante mellora nas reducións da base imponible do imposto nos casos de adquisicións "mortis causa" que afectan a descendentes ou adoptados menores de vinte e un anos. Por outra parte determináanse os diferentes coeficientes multiplicadores aplicables á cuota íntegra do imposto en función da contía do patrimonio preexistente, e establécese unha redución na base imponible cando nela se integren as indemnizacións satisfeitas polas Administracións Públicas ós herdeiros dos afectados polo Síndrome Tóxico.

No referente o Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados establécese o tipo de gravame aplicable ás primeiras copias de escrituras que documenten trans-

misións de bens inmobles nas que se teña renunciado á exención do IVE. Por outra parte, determinanse as bonificacións aplicables na cota do imposto en dous supostos diferentes: o primeiro, no caso de contratos que conteñan transmisións de bens para a construción de parques empresariais ou actuacións de obra nova que se executen sobre fincas situadas neles, dentro dos concellos incluídos no Plan de Dinamización Económica de Galicia, e o outro, no caso de primeiras copias e actas notariais referentes a determinados actos xurídicos –transmisión de solares, declaracións de obra nova, e outros– desenvolto en relación con vivendas de protección autonómica.

Dentro do capítulo de Taxas, a modificación dos tramos de base impositiva sobre os que se aplica o tipo de gravame, polo que respecta á taxa sobre xogos de sorte, envite ou azar aplicable ós casinos, e a modificación das cotas fixas aplicables ás máquinas recreativas, pechan o contido das normas tributarias desta lei.

Xa dentro do Título II, dedicado ás normas de carácter administrativo, o capítulo I contén diversas modificacións da Lei da Función Pública de Galicia en materia de adscrición a postos de traballo, vacacións, permisos, e reserva de prazas para discapacitados, que na súa maior parte recollen aspectos que considerábase procedente incorporar á normativa autonómica na medida na que representan un tratamento máis favorable para o persoal respecto á situación preexistente.

No capítulo destinado á xestión orzamentaria, recóllese unha modificación da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario para facer extensiva ás sociedades públicas autonómicas de carácter non mercantil a posibilidade de xestionar extrapresupostariamente as operacións sobre as que se limiten a realizar labores de intermediación, en todo caso previa autorización singularizada concedida polo órgano competente.

No referente á xestión de persoal autorízase ó Servicio Galego de Saude para que poda efectuar as modificacións necesarias para adaptar os cadros de persoal non incluídos nas relacións de postos de traballo ás necesidades de cada centro de xestión, sempre que non se orixine un incremento de gasto.

Diversas modificacións da Lei de ordenación do comercio interior de Galicia, necesarias nalgúns casos para a súa adaptación ó previsto en materia de concesión de licencias para grandes establecementos comerciais na normativa estatal de carácter básico, e noutros para actualizar a contía das multas establecidas para os casos de infracción, aparecen recollidas noutro capítulo desta lei.

Pola súa parte, a modificación introducida na Lei de Concentración Parcelaria de Galicia en relación coa presidencia das xuntas locais de concentración, ten por obxecto evita los riscos de colisión anteriormente existentes coa doutrina do Tribunal Constitucional sobre a competencia exclusiva que respecto a asignación de funcións non xurisdiccionais ós xuíces corresponde ó Estado.

A redistribución de competencias orgánicas entre a Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural e o antigo ILGGA, derivada da aprobación do Decreto 50/2002, de 14 de febreiro, en virtude da cal parte das funcións do Instituto pasaron a desempeñarse pola Consellería, determina a conveniencia de modificar os órganos de dirección do Fondo Galego de Garantía Agraria, denominación que en virtude do establecido na Lei 7/2002, do 27 de decembro, pasou a corresponder ó Instituto Lácteo e Gandeiro de Galicia.

Finalmente, dentro das Disposicións Adicionais, e da mesma forma que no ano anterior, abórdase o establecemento dunha prestación familiar por coidado de fillos menores, que aplicará cando quenes os tiveran ó seu cargo non estivesen obrigados a presentaren a declaración polo imposto sobre a renda das persoas físicas, así como a autorización dun réxime especial de alleamento de solo industrial por parte do Instituto Galego da Vivenda e Solo con finalidades de fomento empresarial.

TÍTULO I NORMAS TRIBUTARIAS

CAPITULO I. Impostos directos

Artigo 1.- Reducións na base imponible do imposto sobre sucesións e doazóns.

1.- De acordo co establecido no artigo 20.1 da Lei 29/1987, de 18 de decembro, do imposto sobre sucesións e doazóns, nas adquisicións "mortis causa", incluídas as dos beneficiarios de pólizas de seguro, mellóranse as reducións ás que se refire o apartado 20.2, no correspondente ó Grupo I, que serán as seguintes:

Grupo I: adquisicións por descendentes e adoptados menores de vinteún anos, 1.000.000 euros, máis 100.000 euros por cada ano menos de vinteún que teña o causa-habente.

2.- De acordo co establecido no artigo 20.1 da Lei 29/1987, do 18 de decembro, do imposto sobre sucesións e doazóns establécese a seguinte redución por circunstancias propias da Comunidade Autónoma de Galicia:

Cando na base imponible dunha adquisición "mortis causa" se integren indemnizacións satisfeitas polas administracións públicas ós herdeiros dos afectados polo síndrome tóxico, practicarase unha redución do 99 por 100 sobre os importes percibidos, con independencia das outras reducións que procedesen, tendo esta carácter retroactivo.

Artigo 2.- Cota tributaria do imposto sobre sucesións e doazóns.

De acordo co establecido no artigo 22.1 da Lei 29/1987, do 18 de decembro, do imposto sobre sucesións e doazóns, no caso de adquisicións "mortis causa", incluídas as cantidades percibidas polos beneficiarios de seguros sobre a vida que se acumulen ó resto de bens e dereitos que integran a porción hereditaria do beneficiario, o coeficiente multiplicador aplicable á cota íntegra en función da contía do patrimonio preexistente para o Grupo I será:

Patrimonio preexistente Euros	Grupo I
De 0 a 402.678,11	0,0100
De máis de 402.678,11 a 2.007.380,43	0,0200
De máis de 2.007.380,43 a 4.020.770,98	0,0300
Máis de 4.020.770,98	0,0400

CAPITULO II. Impostos indirectos

Artigo 3.- Tipo de gravame na modalidade de actos xurídicos documentados que recae sobre os documentos notariais nos que se renuncia á exención do IVE.

De acordo co disposto no artigo 31.2 do texto refundido da Lei do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1993, do 24 de setembro, nas primeiras copias de escrituras que documenten transmisións de bens inmo- bles nas que se renunciase á exención do imposto sobre o valor engadido, tal e como se prevé no artigo 20. Dous da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, o tipo de gravame será do 2 por 100.

Artigo 4.- Bonificacións na cota do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

No exercicio das competencias atribuídas na letra b) do apartado 1 do artigo 41 da Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de

financiamento das Comunidades Autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía, establécense as seguintes bonificacións na cota:

1.- Bonificación do 50 por 100 da cota do imposto sobre transmisións patrimoniais onerosas e do imposto sobre actos xurídicos documentados polos actos e contratos que conteñan transmisións de terreos para a contrución de parques empresariais e as agrupacións, agregacións, segregacións ou declaracións de obra nova que se realicen sobre fincas situadas nestes, sempre que estes parques empresariais sexan consecuencia do Plan de Dinamización Económica de Galicia previsto para as áreas da costa da morte ou de dinamización prioritaria de Lugo e Ourense.

2.- Bonificación do 50 por 100 nas primeiras copias de escrituras e actas notariais en canto conteñan os seguintes actos ou contratos relacionados con vivendas de protección autonómica que non gocen de exención:

- a) Transmisión de solares e cesión do dereito de superficie para a súa construción.
- b) Declaracións de obra nova e constitución de edificios en réxime de propiedade horizontal.
- c) Primeira transmisión inter vivos do dominio de vivendas.

Para o recoñecemento do beneficio en relación coa transmisión dos solares e a cesión do dereito de superficie bastará que se consigne no documento que o contrato se outorga coa finalidade de construír vivendas de protección autonómica e quedará sen efecto se transcorresen tres anos a partir do devandito recoñecemento sen que obteña a cualificación provisional.

O beneficio entenderase concedido con carácter provisional e condicionado ó cumprimento dos requisitos que en cada caso esixan as disposicións vixentes para esta clase de vivendas.

CAPÍTULO III. Taxas

Artigo 5.- Taxa sobre xogos de sorte, envite ou azar.

No uso das competencias atribuídas pola Lei 18/2002, do 1 de xullo, do réxime de cesión de tributos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia e de fixación do alcance e condicións da devandita cesión, e consonte co disposto na letra c) do punto 1 do artigo 42 da Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das Comunidades Autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía, modifícanse os tipos de gravame e as cotas fixas da taxa sobre xogos de sorte, envite ou azar, no sentido que a continuación se indica:

1.- Nos casinos de xogo aplícarase a seguinte tarifa:

Porción de base imponible comprendida entre euros	Tipo aplicable porcentaxe
Entre 0 e 1.515.637,79	22
Entre 1.515.637,80 e 2.507.691,56	38
Entre 2.507.691,57 e 5.001.603,78	49
Máis de 5.001.603,78	60

2.- Nos casos de explotación de máquinas ou aparatos automáticos aptos para a realización dos xogos, a cota determinarase en función da clasificación das máquinas realizada pola Lei 14/1985, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas en Galicia, segundo as normas seguintes:

A) Máquinas tipo A especial:

Cota anual: 500 euros.

B) Máquinas tipo B ou recreativas con premio.

a) Cota anual: 3.412 euros.

b) Cando se trate de máquinas ou aparellos automáticos tipo "B", nos que poidan intervir dous ou máis xogadores de forma simultánea e sempre que o xogo de cada un deles sexa inde-

pendente do realizado por outros xogadores, serán de aplicación as seguintes cotas:

- Máquinas ou aparellos de dous xogadores: dúas cotas de acordo co previsto no apartado a).
- Máquinas ou aparellos de tres ou máis xogadores: 6.988 euros mailo resulta do de multiplicar por 2.816 o produto do número de xogadores polo prezo autorizado para a partida.

C) Máquinas tipo C ou de azar.
Cota anual: 4.984 euros.

No caso de modificación do prezo máximo de 0,20 euros autorizado para a partida en máquinas de tipo "B" ou recreativas con premio, as cotas tributarias establecidas na letra B) anterior incrementaranse en 68,76 euros por cada 0,04 euros no que se incrementa o novo prezo máximo autorizado.

Se a modificación se producira con posterioridade ó devengo da taxa, os suxeitos pasivos que exploten máquinas con permisos de data anterior a aquela en que se autorice a suba deberán autoliquidar e ingresar a diferenza de cota que corresponda na forma e prazos que determine a Consellería de Economía e Facenda.

Nembargantes o previsto no parágrafo anterior, a autoliquidación e ingreso será só do 50 por 100 da diferenza, se a modificación do prezo máximo autorizado para a partida se produce despois do 30 de xuño.

TÍTULO II NORMAS ADMINISTRATIVAS

CAPÍTULO I. Función pública

Artigo 6.- Adscrición a postos de traballo. *Modificación da Lei da función pública de Galicia.*
Engádeselle un novo punto 7 ó artigo 27 da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, coa seguinte redacción:

"7. A administración da Xunta de Galicia poderá adscribir os funcionarios a postos de traballo en distinta unidade ou localidade, previa solicitude baseada en motivos de saúde ou rehabilitación do funcionario, do seu cónxuxe ou dos fillos ó seu cargo, con previo informe do servizo médico oficial legalmente establecido e condicionado a que existan postos vacantes con asignación orzamentaria, que o nivel de complemento de destino e específico non sexa superior ó do posto de orixe, e se reúnan os requisitos para o seu desempeño. Esta adscrición terá carácter definitivo cando o funcionario ocupara con tal carácter o posto de orixe."

Artigo 7.- Vacación retribuída. *Modificación da Lei da función pública de Galicia.*
Modifícase o artigo 69 da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, que queda redactado como segue:

"1. Os funcionarios terán dereito a disfrutar, durante cada ano completo de servizo activo, unha vacación retribuída de un mes, ou os días que en proporción lles correspondan se o tempo de servizo foi menor.

2. Así mesmo, terán dereito a un día hábil adicional ó cumprir quince anos de servizo, engadándose un día hábil o cumprir os vinte, vintecinco e trinta anos de servizo, respectivamente, ata un máximo de catro. Non se considerarán como días hábiles os sábados, sen prexuízo das adaptacións que se establezan para os horarios especiais. Este dereito farase efectivo a partir do ano natural seguinte ó do cumprimento dos anos de servizo sinalados no parágrafo anterior.

3. O calendario de vacacións elaborárase anualmente e teranse en conta as necesidades dos servizos, oídos os órganos de representación dos funcionarios."

Artigo 8.- Permisos. *Modificación da Lei da función pública de Galicia.*

Un.- Modifícase o apartado a) do punto 1 do artigo 70 da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia que queda redactado como segue:

"a) Polo nacemento, acollemento ou adopción dun fillo e polo falecemento, accidente ou enfermidade grave dun familiar dentro do primeiro grao de consanguinidade ou afinidade, tres días hábiles cando o suceso se produza na mesma localidade e cinco días hábiles cando sexa en distinta localidade.

Cando se trate do falecemento, accidente ou enfermidade grave dun familiar dentro do segundo grao de consanguinidade ou afinidade, o permiso será de dous días hábiles cando o suceso se produza na mesma localidade e catro días hábiles cando sexa en distinta localidade."

Dous.- Engádeselle un novo apartado g) ó punto 1 do artigo 70 da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, que terá a seguinte redacción:

"g) As funcionarias embarazadas terán dereito a ausentarse do traballo para a realización de exames prenatais e técnicas de preparación ó parto, polo tempo necesario para a súa práctica e previa xustificación da necesidade da súa realización dentro da xornada de traballo."

Tres.- Modifícase o punto 4 do artigo 70 da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, que queda redactado como segue:

"4. No suposto de parto, a duración do permiso será de dezaseis semanas ininterrompidas, ampliables no caso de parto múltiple en dúas semanas máis por cada fillo a partir do segundo. O permiso distribuirase a opción da funcionaria sempre que seis semanas sexan inmediatamente posteriores ó parto. No caso de falecemento da nai, o pai poderá facer uso da totalidade ou, de se-lo caso, da parte que reste do permiso.

Non obstante o anterior, e sen prexuízo das seis semanas inmediatas posteriores ó parto de descanso obrigatorio para a nai, no caso de que a nai e o pai traballen, esta, ó iniciar-lo período de descanso por maternidade, poderá optar porque o pai disfrute dunha parte determinada e ininterrompida do período de descanso posterior ó parto, ben de forma simultánea ou sucesiva co da nai, agás que no intre da súa efectividade a incorporación ó traballo da nai supoña un risco para a súa saúde.

Nos casos de parto prematuro e naqueles en que, por calquera outra causa, o neonato deba permanecer hospitalizado a continuación do parto, o permiso poderá computarse, a instancia da nai ou, no seu defecto, do pai, a partir da data de alta hospitalaria. Exclúense deste cómputo as primeiras seis semanas posteriores ó parto de descanso obrigatorio para a nai.

Nos supostos de adopción ou acollemento, tanto preadoptivo como permanente, de menores de ata seis anos, o permiso terá unha duración de dezaseis semanas ininterrompidas, ampliables no suposto de adopción e acollemento múltiple en dúas semanas máis por cada fillo a partir do segundo, contadas a elección do funcionario, ben a partir da decisión administrativa ou xudicial de acollemento, ben a partir da resolución xudicial pola que se constituía a adopción. A duración do permiso será, así mesmo, de dezaseis semanas nos supostos de adopción ou acollemento de menores, maiores de seis anos de idade, cando se trate de menores discapacitados ou minusválidos ou que por circunstancias ou experiencias persoais ou que, por provir do estranxeiro, teñan especiais dificultades de inserción social e familiar, debidamente acreditadas polos servizos sociais competentes. No caso de que a nai e o pai traballen, o permiso distribuirase a opción dos inte-

resados que poderán disfrutalo de forma simultánea ou sucesiva, sempre con períodos ininterrompidos.

Nos casos de disfrute simultáneo de períodos de descanso, a suma dos mesmos non poderá exceder das dezaseis semanas previstas nos apartados anteriores ou das que correspondan en caso de parto múltiple.

Os permisos a que se refire o presente apartado poderán disfrutarse en réxime de xornada completa ou a tempo parcial, a solicitude dos funcionarios e se o permiten as necesidades dos servizos, nos termos que regulamentariamente se determinen.

Nos supostos de adopción internacional, cando sexa necesario o desprazamento previo dos pais ó país de orixe do adoptado, o permiso previsto para cada caso no neste artigo, poderá iniciarse ata catro semanas antes da resolución pola que se constitúe a adopción."

Artigo 9.- Reserva de prazas para discapacitados nas ofertas de emprego público. *Modificación da Lei da función pública de Galicia.*

Modifícase a disposición adicional sétima da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, que queda redactada como segue:

"Nas ofertas de emprego público reservarase unha cota non inferior ó 5 por 100 das vacantes para seren cubertas entre as persoas con discapacidade igual ou superior ó 33 por 100, de modo que progresivamente se alcance o 2 por 100 dos efectivos totais da administración pública galega, sempre que superen as probas selectivas e que no seu momento acrediten o indicado grao de discapacidade e a compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes segundo se determine regulamentariamente."

CAPÍTULO II. Xestión orzamentaria

Artigo 10.- Operacións extraorzamentarias. *Modificación da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.*

Modifícase o punto 4 do artigo 46 da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, que queda redactado nos seguintes termos:

"4. Logo de autorización do conselleiro de Economía e Facenda poderán xestionarse como operacións extraorzamentarias aquelas nas que a actividade da Comunidade, dos seus organismos autónomos, e das sociedades públicas autonómicas de carácter non mercantil, se limite á realización de funcións de intermediación na súa xestión."

Artigo 11.- Intervención limitada. *Modificación da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.*

Modifícase o apartado a) do punto 1 do artigo 97 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, que pasará a ter a redacción seguinte:

"a) Os gastos de obras, de xestión de servizos públicos, de subministración, de consultoría e asistencia e dos servizos, por importe inferior ó que se é o caso estableza na lei de orzamentos de cada ano."

CAPÍTULO III. Xestión de persoal

Artigo 12.- Servizo Galego de Saúde.

Correspóndelle ó Servizo Galego de Saúde a autorización das modificacións, dentro de cada cen-

tro de xestión, dos cadros de persoal estatutario, de persoal MIR e de calquera outro tipo de persoal de institucións sanitarias dependentes do organismo non incluídos nas relacións de postos de traballo, sempre que a modificación acordada non supoña un incremento dos créditos do artigo correspondente do devandito centro.

En idénticas condicións correspóndelle ó Servicio Galego de Saúde a autorización da modificación prevista no parágrafo anterior dos cadros de persoal funcionario sanitario pertencentes ás clases de médicos, practicantes e matronas titulares.

En todo caso, daráselle conta á Consellería de Economía e Facenda unha vez tramitada a correspondente modificación.

CAPÍTULO IV. Ordenación do comercio interior

Artigo 13.- Licencia comercial de grandes establecementos. *Modificación da Lei de ordenación do comercio interior de Galicia.*

Modifícase o artigo 7 da Lei 10/1988, do 20 de xullo, de ordenación do comercio interior de Galicia, que queda redactado da seguinte forma:

"A instalación, ampliación e traslado de grandes establecementos comerciais estará suxeita a unha licencia comercial específica, correspondendo o seu outorgamento ó conselleiro competente en materia de comercio interior."

Artigo 14.- Infraccións en materia de comercio interior. *Modificación da Lei de ordenación do comercio interior de Galicia.*

Modifícase o punto 5 do artigo 44 da Lei 10/1988, do 20 de xullo, de ordenación do comercio interior de Galicia, que queda redactado da seguinte maneira:

"5. Carecer de licencia comercial específica necesaria para a instalación, ampliación e traslado de grandes establecementos comerciais."

Artigo 15.- Contía das multas por infraccións en materia de comercio interior. *Modificación da Lei de ordenación do comercio interior de Galicia.*

Modifícanse os puntos 1, 2 e 3 do artigo 46 da Lei 10/1988, do 20 de xullo, de ordenación do comercio interior de Galicia, que quedan redactados nos seguintes termos:

"1. As infracción leves serán sancionadas con multas de ata 6.000 euros. O órgano competente para impoñelas será o delegado provincial correspondente da Consellería de Innovación, Industria e Comercio.

2. As infraccións graves serán sancionadas con multas dende 6.001 ata 30.000 euros. O órgano competente para impoñelas será o director xeral de Comercio e Consumo.

3. As infraccións moi graves serán sancionadas con multas dende 30.001 ata 1.200.000 euros. Os órganos competentes para impoñelas serán o conselleiro de Innovación, Industria e Comercio, dende 30.001 ata 300.000 euros, e o Consello da Xunta de Galicia, dende 300.001 ata 1.200.000 euros."

Artigo 16.- Concesión da licencia comercial de grandes establecementos. *Modificación da Lei de ordenación do comercio interior de Galicia.*

Inclúese unha disposición adicional na Lei 10/1988, do 20 de xullo, de ordenación do comercio interior de Galicia, que terá a redacción seguinte:

"Única. A concesión da licencia comercial específica para grandes establecementos, á que se refire o artigo 7 desta lei, modificado pola Lei .../2002, de ... de decembro, de medidas tributarias e administrativas, realizarase conforme ó procedemento e requisitos establecidos no Decreto 341/1996, do 13 de setembro, polo que se crea a Comisión Consultiva de Equipamentos Comerciais e se regula a implantación de grandes superficies na Comunidade Autónoma de Galicia."

CAPÍTULO V. Concentración parcelaria.

Artigo 17.- Xuntas locais de concentración. *Modificación da Lei de concentración parcelaria para Galicia.*

Un.- Modifícase o apartado a) do punto 1 do artigo 10 da Lei 12/2001, do 10 de setembro, de modificación da Lei 10/1985, do 14 de agosto, de concentración parcelaria para Galicia, que queda redactado nos seguintes termos.

"a) Presidente, con voto de calidade: un representante da consellería competente en materia de agricultura designado polo seu titular."

Dous.- Modifícase o punto 2 do artigo 11 da Lei 12/2001, do 10 de setembro, de modificación da Lei 10/1985, do 14 de agosto, de concentración parcelaria para Galicia, que pasará a te-la redacción seguinte:

"2. No caso de vacante dalgún dos cargos públicos, ocupará provisionalmente o posto na xunta local a persoa que deba asumir legalmente as súas funcións e, no seu día a persoa designada ou elixida normalmente para o cargo."

CAPÍTULO VI. Fondo Galego de Garantía Agraria.

Artigo 18.- Órganos de dirección. *Modificación da Lei de creación do ILGA.*

Modifícase o artigo 3 da Lei 7/1994, de 29 de decembro de creación do Instituto Lácteo e Gandeiro de Galicia que terá a redacción seguinte:

"Os órganos de dirección do ILGA serán o Consello de Dirección, o Presidente e o Director."

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

PRIMEIRA. Prestacións familiares por coidado de fillos menores.

Aquelas persoas que, na data de entrada en vigor desta lei, tivesen ó seu cargo fillos menores de tres anos terán dereito a percibir unha prestación de 300 euros por cada un deles cando, por razón dos ingresos obtidos durante o ano 2002, nin elas nin ningún dos membros da súa unidade familiar estivesen obrigados a presenta-la declaración polo imposto sobre a renda das persoas físicas correspondente a ese período.

A percepción desta prestación axustarase ó procedemento que estableza a Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado que esixirá xustificación documental dos requisitos necesarios para o seu gozo, sen que o mesmo fillo poida dar lugar a máis dunha prestación.

SEGUNDA. Alleamento de solo empresarial polo Instituto Galego da Vivenda e Solo.

Autorízase o Instituto Galego da Vivenda e Solo, nos supostos de alleamento de terreos destinados á creación de solo industrial, así como de parcelas ou parques empresariais terminados que se realicen a favor das sociedades públicas con participación maioritaria polo devandito organis-

mo, para que o alleamento se poida efectuar con pagamento aprazado non superior a dez anos e sen repercusión de xuros.

DISPOSICIÓNS DERROGATORIAS

PRIMEIRA. Comercio interior.

Quedan derogados os artigos 8 e 9 da Lei 10/1988, do 20 de xullo, de ordenación do comercio interior de Galicia.

SEGUNDA. Fondo Galego de Garantía Agraria.

Queda derogado o artigo 9 da Lei 7/1994, do 29 de decembro, de creación do Instituto Lácteo e Gandeiro de Galicia.

DISPOSICIÓNS DERRADEIRAS

PRIMEIRA. Preceptos de vixencia temporal.

Terán vixencia exclusiva para o ano 2004 o artigo 12 e as disposicións adicionais primeira e segunda desta lei.

SEGUNDA. Entrada en vigor da lei e desenvolvemento regulamentario.

Autorízase ó Consello da Xunta para dicta-las disposicións necesarias para o desenvolvemento e a execución do disposto nesta lei, que entrará en vigor ó día da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

.....

Addenda ó texto do anteproxecto de Lei

1. No capítulo II "Impostos indirectos", do Título I, inclúese un novo artigo coa redacción seguinte:

"Tipo de gravame no imposto sobre as vendas minoristas de determinados hidrocarburos.

De acordo co establecido no artigo 44 e na disposición transitoria terceira da Lei 21/2001, do 27 de decembro, polo a que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das Comunidades Autónomas de réxime común e cidades con Estatuto de Autonomía, o tipo de gravame autonómico a que fai referencia o artigo 9.dez.3 da lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, aplicable a Comunidade Autónoma de Galicia no imposto sobre as vendas minoristas de determinados hidrocarburos será o seguinte:

- | | |
|----------------------------|----------------------------|
| a) Gasolinas: | 24 euros por 1.000 litros. |
| b) Gasóleo de uso xeral: | 12 euros por 1.000 litros. |
| c) Gasóleo de calefacción: | 6 euros por 1.000 litros. |
| d) Fuelóleo: | 1 euro por tonelada. |
| e) Queroseno de uso xeral: | 24 euros por 1.000 litros. |

Ó peche de cada exercicio, a Consellería de Economía e Facenda elaborará unha memoria acreditativa na que se reflicta que os rendementos derivados do presente imposto quedaron afectados na súa totalidade ó financiamento de gastos de natureza sanitaria ou medioambiental."

2. No título II engádese un novo capítulo VIII "Protección da infancia", cun único artigo que terá a redacción seguinte:

"Modificación da Lei galega da familia, a infancia e da adolescencia.

Modifícase a letra a) do apartado 1. do artigo 33, da Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, da infancia e da adolescencia, que quedará como segue:

"a) Que entre o adoptante e o adoptado exista unha diferenza de idade axeitada e non superior ós corenta anos, tomando como referente o membro máis novo da parella, agás para os solicitantes que estean en disposición de aceptar grupos de innáns ou menores con especiais dificultades, caso no que a diferenza de idade poderá ser superior, así como para os solicitantes de adopción internacional no que se estará ó disposto na lexislación do país de orixe do menor."

3. No Título II, engádese un novo capítulo IX "Transporte público marítimo de viaxeiros" cun novo artigo redactado da forma seguinte:

"Modificación da Lei de declaración de servizo público de titularidade da Xunta Galicia do transporte público de viaxeiros nas rías de Galicia."

Modifícase o artigo 3 da Lei 4/1999, do 9 de abril, de declaración de servizo público de titularidade da Xunta Galicia do transporte público de viaxeiros nas rías de Galicia, que quedará redactado da forma seguinte:

"A adxudicación da concesión efectuarase mediante concurso, no que se deberán valorar, entre outras, as seguintes cuestións:

- Calidade do servizo ofertado.*
- Tarifas ofertadas.*
- Compromiso de asunción de traballadores do transporte da ría cos criterios de antigüidade acreditada e profesionalidade.*
- Garantías de preservación do espazo natural das illas Cíes na forma en que o departamento responsable da Xunta de Galicia determine."*

4. Entre as disposicións adicionais engadirase unha nova coa redacción seguinte:

"Conforme á disposición transitoria sétima da Lei orgánica 10/2003, do 23 de decembro, de calidade da educación, o profesorado que prestaba servizos como persoal laboral fixo nos conservatorios de grao medio no momento no que foron integrados na rede pública da Comunidade Autónoma, poderán acceder ó corpo de profesores de música e artes escénicas a través dunha quenda especial, conforme estableza a convocatoria que se realizará con esa finalidade."



Dictame
4/03

